


ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019 / 20



CENTRO: CEIP DE SARREAUS

CURSO: Aula mixta: Infantil, 1º, 2º primaria.

Aula mixta: 4º-5º-6º Primaria

Data: 11 de maio de 2020

ÍNDICE

- 1. Contextualización**
- 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 5. Información e publicidade.**

1.Contextualización.

A presente adaptación da Programación Didáctica está diseñada para o CEIP DE SARREAUS, un centro (de 11 alumnos e 2 mestres) que aínda que está catalogado cunha soa unidade, está funcionando con dúas: unha con 6 alumnos) de 4º, 5º de Infantil e 1º, 2º de primaria; e outra con 5 alumnos de 4º, 5º, e 6º de Primaria.

Así pois, seguiremos as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación para o desenvolvemento do 3º trimestre do curso 2019/20:

2 .Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

No recadro anexo “horizontal”.

3. Avaliación e cualificación.

Avaliación e cualificación do alumnado adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, procurando que beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Establecerase o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

Prestarase especial atención ó alumnado con materias pendentes (actividades de seguimento, recuperación e etc.).

Detallaranse neste mesmo documento os criterios de avaliación e cualificación.

Os centros e o profesorado adaptaremos o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo nas nosas etapas de infantil e primaria, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado, aínda que quede todo reflectido nos informes individuais dos alumnos, e terase en conta no vindeiro ano.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

O alumnado que tiña áreas suspensas nos trimestres anteriores sí se lle valorará o traballo desenvolto nesta etapa non presencial.

Emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado polos nosos alumnos e alumnas no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.

A promoción de curso será a norma xeral en todas os cursos, considerándose a repetición de curso unha medida excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e de ser o caso estará solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumn@.

Documentos de avaliación

Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidos eses Informes individuais do alumnado. No caso de 6º de infantil e de 6º primaria poderían facilitar información complementaria aos responsables da seguinte etapa.

Nesta documentación darase conta do marco regulamentario no que se desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción.

Liñas xerais para a preparación do curso 2020-21

O profesorado do centro organizarán plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020-2021, co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados que se emitan ao final do presente curso e nas eventuais avaliacións iniciais que puidesen realizarse.

A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias. Deberán adoptarse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

Criterios de permanencia Autorízase, de xeito xeral, a ampliación nun ano do límite de permanencia nestas ensinanzas daquel alumnado que se vise afectado polas circunstancias deste curso escolar.

EDUCACIÓN INFANTIL

En Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será global, continua e formativa. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

No contexto actual, ademais da necesaria coordinación entre os profesionais, reforzase a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

ADAPTACIÓN DO TITOR:

A situación actual obrigou a tomar unhas medidas de illamento que, a priori, son incompatibles co correcto desenvolvemento da labor educativa, sen embargo desde o centro tomamos as medidas oportunas para paliar na medida das posibilidades esta eventualidade, e procurar que os nosos tres alumnos (un neno de tres anos e dúas nenas de catro) poidan seguir na súa formación de cara a conquistar os obxectivos desta etapa, nomeadamente:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, suas posibilidades de acción y aprender a respetar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas suas actividades habituais

- d) Desenvolver as suas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolven habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse a lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación
- i) Achegarse, na medida das suas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Todo isto tendo lugar no ámbito de actuación das áreas: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal; coñecemento da contorna; linguaxes: comunicación e representación.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Os alumnos proseguen cos seus libros de actividades Sorrisos 3 e Sorrisos 4, recibindo cando fora preciso aclaracións por parte do mestre mediante correo electrónico, aplicación de mensaxería móbil, ou vía telefónica. Outras actividades de carácter interactivo (xogos didácticos, libros de contos dixitais, vídeos didácticos) son propostas a través das devanditas canles.

Os xoves hai videoconferencia, na que facemos, na medida das posibilidades, gran parte das rutinas que tiñan lugar na aula durante a situación de normalidade.

Os items correspondentes á terceira avaliación serán avaliados sempre tendo en conta o traballo xa feito con anterioridade na situación normal de aula.

Temos que ter en conta que nesta etapa a interacción co mestre é total, e o xeito de avaliar baséase totalmente na observación directa dos nosos titorandos.

Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución dos obxectivos da etapa. A continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial, en ningún caso, agás para o alumnado con necesidades educativas especiais para o que se considere moi conveniente a permanencia un ano máis nesta etapa, sempre previo informe do departamento de orientación e o acordo os proxenitores

O informe individualizado do alumno ou alumna terá en conta especialmente o seu progreso ou atraso, en especial no último curso da etapa coa finalidade de adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/2021 na ensinanza primaria.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterios de avaliación e cualificación

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Dadas as características deste centro, polo baixo número de alumnos por clase, ampliarase as aprendizaxes, sobre todo no terceiro trimestre.

O centro flexibilizará e adaptará os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, e incluso poderían tocarse algún sinalados, correspondentes ao terceiro.. Estes criterios de avaliación, que terán carácter diagnóstico e formativo, permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.

A cualificación final (ordinaria) será a media entre a primeira e segunda avaliación incrementada positivamente cun punto si o alumno/a realiza o 50% das tarefas propostas no terceiro trimestre.

A acreditación do 30% das actividades realizarase mediante o envío ao correo electrónico do centro, ou outros medios acordados co titor atendendo ca criterios como:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas.

Realización do traballo na casa:

- Realización adecuada do traballo
- Organización dos materiais

- Presentación das tarefas....

Realización do traballo despois da video-confeerencias.

- Presentación dos traballos- enviados aos mestres
- Entrega do DIARIO (todos os días se pide e se corrixe).
- Traballos Específicos

Valoración de actitudes nas video-conferencias diarias:

- escoita
- Participación
- Esfuerzo
- Colaboración

Intrumentos de avaliación

- Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre
- Rúbricas de avaliación
- Caderno
- Rexistro de actividades da clase
- Rexistro de organización de materiais
- Rexistro de entrega de deberes no tempo
- Puntuación de corrección dos deberes
- Rexistro de participación
- Rexistro de actitude na aula
- Rexistro da valoración dos compañeiros (caderno de equipo)

Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. dificilmente o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre. (Neste centro con tan poucos alumnos hai un seguimento moi constante do alumnado, polo que é doado detectar o alumnado que non traballa neste trimestre).

Os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial, e que se sinalan nun dos puntos seguintes.

Entre a diversi son algúns dos procedementos e instrumentos que se empregán para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- **Observación directa mediante video conferencias .**
- **Cuestionarios remitidos ao correo electrónico e whatsapp**
 - ✓ Grupo de nais/pais/titores
 - ✓ Grupo de alumnos (dos que teñen tfno. independenete)
- **Diario de titoría** por parte dos mestres: telefónicas, e videochamadas.
- **Listas de control.**
- **Análise das producións dos alumnos(todo tipo de traballo, Probas específicas (orais e escritas):.**
- **Autoavaliación.**
- **Coavaliación. Etc.**

Criterios de cualificación e promoción

Flexibilizaranse de maneira excepcional durante o curso 2019-2020, os criterios de promoción en todos os cursos de Educación Primaria, sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentas. A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional.

A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

O informe individual será de especial relevancia no caso dos alumnos e alumnas que cursasen sexto curso de Educación Primaria e que accederán á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Terá carácter informativo e orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021.

METODOLOXÍA DO 3º TRIMESTRE 2020-21

Segun a Instrucións do 27 de abril de 2020, as actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria. A tal efecto, o centros educativo:

Prestará especial atención a identificar o alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable e prepararán plans específicos de recuperación do vínculo escolar e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible. Os centros darán traslado de ditos plans específicos á inspección educativa.

Farase un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, arbitrarán as medidas necesarias e facilitarán o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado.

Intensificarase a posta a disposición do alumnado dos recursos tecnolóxicos e doutro tipo que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades, e desenvolverán formación e ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial.

Durante o terceiro trimestre, como xa se mencionaou, aparte de desenvolver actividades de recuperación, repaso, reforzo, POLAS NOSAS CARACTERÍSTICAS: POUCO ALUMNADO POR TITORÍA, centrarémonos na ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado, podendo nalgúns casos ampliar contidos do 3º trimestre, aínda que como se dixo non sexan avaliados.. Na medida do posible deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das

distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

Os currículos, programacións e actividades que se desenvolvan durante o terceiro trimestre nos cursos que conducen a unha titulación final de etapa terán especialmente en conta esta circunstancia e flexibilizaranse e adaptaranse para axudar en todo o posible a que o seu alumnado poida alcanzala.

Os centros educativo reforza a imprescindible coordinación do profesorado, doado polo número de Mestres no CEIP de Sarreaus:.

Á hora de adaptar as programacións, as actividades e os criterios de avaliación, co fin de evitar problemas como a sobrecarga de tarefas, a falta de acompañamento docente ou a desigualdade do apoio aos estudantes que lles poden prestar as súas familias.

Identificaranse as aprendizaxes (estándares de aprendizaxe, ou no seu caso resultados de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, área, módulo ou ámbito, que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

A metodoloxía didáctica **será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.**

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo, pondo especial atención nos medios utilizados: video-conferencias, correo electrónico, teléfono...

No proceso de Ensinanza-Aprendzaxe tentaranse cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas: 1º-2º tr.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos.
- Favorecer situacións en que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

Información e publicidade.

- Como somos moi poucos alumnos, A comunicación ás familias faise a través dos teléfonos e grupo de Whatsapp onde estamos todos, mestres familias.
- Nas actividades diarias empregamos varios medios e instrumentos sobre todo dixitais:
 - Teléfonos
 - Grupos de whatsapp
 - Correos electrónicos
 - App como: classroom, clasdojo
 - Videoconferencias Webexmeet, etc
- O centro publicará as modificacións das programación didácticas na web do centro.

**ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS
TERCEIRO TRIMESTRE
1º E 2º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1º CURSO

CIENCIAS DA NATUREZA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes
	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.

CIENCIAS SOCIAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
B2.1. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.
B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles
B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativas dixitais como ferramenta de aprendizaxe.

MATEMÁTICAS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos

coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	resultados.
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

RELIXIÓN CATÓLICA 1

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes na vida de Xesús.
Coñecer e ordenar os principais momentos da Paixón e Morte de Xesús.	Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da Paixón, Morte e Resurrección de Xesús
Ler e comprender o relato “Xesús resucita”.	Explica oralmente o relato “Xesús morre e resucita”.
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia..
Comprender o significado do relato bíblico “As primeiras familias cristiás”.	Anota comportamentos propios das primeiras familias cristiás.
Interioriza o valor de colaborar coa familia.	Identifica situacións nas que colabora coa familia.

INGLÉS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos. B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares,	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas

<p>B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p> <p>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>	<p>de relación social.</p>
<p>B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p>	<p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A observación directa mediante videoconferencia e a corrección de tarefas remitidas ao enderezo electrónico persoal do mestre será a forma de avaliar o rendemento do alumno neste trimestre atípico. Premiarase na calificación final con medio punto/un punto segundo o caso a entrega dun 90% das tarefas propostas en cada asignatura, das que o mestre leva rexistro semanal. A non entrega das mesmas conlevará penalización segundo a cantidade de traballo non feita.

METODOLOXÍA

O tipo de actividades a desenvolver polo noso alumnado abrangue un enfoque clásico amais dun vencellado as TICs. Traballo feito nos libros de texto e corrixido vía mensaxería electrónica, ademais de aplicacións coma Snappet son os medios a través dos que estamos a desenvolver a nosa actividade.

Explicacións son dadas mediante videoconferencia, ademais da dispoñibilidade do mestre en calquera momento (prácticamente) vía telefónica ou dixital.

A titoría é feita por medio de videoconferencia ou telefónica indistintamente.

Cada luns remítese traballo para o alumnado, no que se abunda na videoconferencia do martes.

2º CURSO

CIENCIAS NATURAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
B3.2. Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.

CIENCIAS SOCIAIS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
-------------------------	--------------------------------------

B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
	CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.

LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	CB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.
	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B2.7. Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.	LCB2.8.1. Formula hipóteses, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos).	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención

aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...
	LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
	LCB4.2.2. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.

MATEMÁTICAS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
	MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o

quilo como unidades de medida de peso.	cuarto quilo como unidades de medida de peso.
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos
B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.

AREA	VALORES 2º
------	------------

CRITERIOS DE AVALIACION	E	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
-------------------------	---	---------------------------

Bloque 2 Crit. Aval. B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. Est. Apr. VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
Bloque 2 Crit. Aval. B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. Est. Apr. VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
Bloque 2 Crit. Aval. B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. Est. Apr. VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
Bloque 3 Crit. Aval. B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. Est. Apr. VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.
Bloque 3 Crit. Aval. B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. Est. Apr. VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.

Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. Est. Apr. VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. Est. Apr. VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
Bloque 3 Crit. Aval. B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. Est. Apr. VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.
Bloque 2 Crit. Aval. B2.2. Empregar a aserción. Est. Apr. VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.
Bloque 3 Crit. Aval. B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. Est. Apr. VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.
Bloque 2 Crit. Aval. B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. Est. Apr. VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
Bloque 1 Crit. Aval. B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. Est. Apr. VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
Bloque 1 Crit. Aval. B1.2. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. Est. Apr. VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

INGLÉS

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.5. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo,	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura

da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente. B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais
B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor. B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado. B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A observación directa mediante videoconferencia e a corrección de tarefas remitidas ao enderezo electrónico persoal do mestre será a forma de avaliar o rendemento do alumno neste trimestre atípico. Premiarase na calificación final con medio punto/un punto segundo o caso a entrega dun 90% das tarefas propostas en cada asignatura, das que o mestre leva rexistro semanal. A non entrega das mesmas conlevará penalización segundo a cantidade de traballo non feita.

METODOLOXÍA

O tipo de actividades a desenvolver polo noso alumnado abrangue un enfoque clásico amais dun vencellado as TICs. Traballo feito nos libros de texto e corrixido vía mensaxería electrónica, ademais de aplicacións coma Snappet son os medios a través dos que estamos a desenvolver a nosa actividade.

Explicacións son dadas mediante videoconferencia, ademais da dispoñibilidade do mestre en calquera momento (prácticamente) vía telefónica ou dixital.

A titoría é feita por medio de videoconferencia ou telefónica indistintamente.

Cada luns remítese traballo para o alumnado, no que se abunda na videoconferencia do martes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

- **4°-5°-6° primaria.**
- **CRITERIOS DE AVALUACION.**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE**

CURSO: 4º

AREA

MATEMATICAS 4

CRITERIOS DE AVALIACION E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Operar con diferentes medidas.

Est. Apr. MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

Bloque 1 Crit. Aval. 1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

Est. Apr. MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.

Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Operar con diferentes medidas.

Est. Apr. MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

Bloque 2 Crit. Aval. B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

Est. Apr. MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

Bloque 2 Crit. Aval. B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

Est. Apr. MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empreñando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.

Bloque 1 Crit. Aval. B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.

Est. Apr. MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.

Bloque 1 Crit. Aval. 1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

Est. Apr. MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de Matemáticas ou en contextos da realidade.

<p>Bloque 1 Crit. Aval. B1.6. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.</p> <p>Est. Apr. MTB1.6.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.</p>
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Operar con diferentes medidas.</p> <p>Est. Apr. MTB3.2.2. Expressa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p>
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Operar con diferentes medidas.</p> <p>Est. Apr. MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>Bloque 1 Crit. Aval. B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.</p> <p>Est. Apr. MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.</p>
<p>Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.</p> <p>Est. Apr. MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.</p>
<p>Bloque 1 Crit. Aval. B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.</p> <p>Est. Apr. MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.</p>
<p>Bloque 4 Crit. Aval. B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.</p> <p>Est. Apr. MTB4.1.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.</p>
<p>Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.</p> <p>Est. Apr. MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.</p>
<p>Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.</p> <p>Est. Apr. MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.</p>
<p>Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Coñecer as características e aplicalas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.</p> <p>Est. Apr. MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.</p>
